

PRONOMES PERSOAIS



Subliña os pronomes persoais tónicos que hai nestas oracións e completa con eles a táboa.

- Ti vas ir canda nós ao cine esta tarde?
- El non quere falar con eles e non sei por que.
- Cando eu cheguei, ela xa marchara.
- Elas pintan o cartel e vós recollede o material.

	singular	plural
1.ª persoa		
2.ª persoa		
3.ª persoa		

Completa a resposta usando o mesmo verbo e substituíndo o destacado polo pronome persoal.

- Mercaches o **xampú** que che encarguei?

Non _____ porque estaba pechada a tenda.

- Xa liches o **libro** que colliches na biblioteca?

Si, xa _____ esta fin de semana.

- Puxeches a **chaqueta** no colgadoiro?

Non, _____ no cesto da roupa, para lavala.

- Contácheslle a **Xiana** a onde imos ir esta tarde?

Si, _____ que imos ir ao cine.

- **Xurxo e mais ti** tamén ides ás clases de patinaxe?

Non, _____ ás clases de judo.

Enche os ocos cun pronome persoal átono que lle acaia ao sentido da oración.

- Roi deu _____ unha patada á pelota pero non _____ lanzou lonxe.
- A Anxo vou _____ regalar un libro e a ti regalarei _____ outro.
- Este banco de madeira non _____ pintou meu pai, pintou _____ o avó.
- Cando _____ vas traer o disco que _____ emprestei hai catro meses?
- Iso que _____ contas xa _____ sabía eu hai tempo.
- Luísa, deixei _____ os cartos para o pan na mesa da cociña!

